

18 Mayo de 2015 - Revista 1021

# *Revista Semanal*

da Rede Galega de Información Xuvenil



**xuventude.net**

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 4

BOLSAS E AXUDAS / 5

NOVAS DE EMPREGO / 7

EN PORTADA

## Publicada no DOG a convocatoria de 223 prazas en residencias xuvenís dependentes de Trballo para o curso 2015/2016

Luns, 11 Maio 2015 09:00

O *Diario Oficial de Galicia (DOG)* publica hoxe a orde pola que se **convocan prazas nas residencias xuvenís** dependentes da *Consellería de Trballo e Benestar* para o curso 2015-2016. Son un total de **223 prazas**: 74 no centro **residencial xuvenil "Lug"** de Lugo, 55 na **residencia xuvenil Florentino López Cuevillas** de Ourense, e 94 na de **Altamar** de Vigo.

Todas as prazas son en réxime de internado, o que inclúe aloxamento e mantenza. Ademais, nas tres instalacións ofrécense unha serie de actividades convivenciais e educativas.

Poderán ser beneficiarios os mozos e mozas que reúnan os seguintes requisitos: ter os 16 anos cumpridos e non superar os 30 na data do 31 de decembro de 2015; posuír nacionalidade española, pertencer a un país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro residente en España e non ter perdido a condición de residente por causa imputable á persoa solicitante.

No caso dos estudantes son requisitos específicos: cursar estudos de bacharelato, de ciclos formativos de grao medio ou superior, ou estudos universitarios cuxa oferta non estea dispoñible no concello onde radique a residencia familiar do participante.

Ademais, o 9% das prazas están reservadas para mozos e mozas traballadores que teñan o seu posto nun concello distinto ao da súa residencia familiar.

Á hora de adxudicar as prazas, teranse en conta os seguintes baremos xenéricos: a antigüidade na residencia; a renda da unidade familiar; a situación de familia numerosa; a condición de orfandade do solicitante; discapacidade de calquera membro da unidade familiar; a residencia, segundo sexa dentro ou fóra de Galicia; estar en estado de xestación no caso das mulleres; ser vítimas de violencia de xénero ou que os seus proxenitores a sufrisen; ter un irmá con praza renovada na residencia; ter condición de familia monoparental; e a situación laboral de desemprego sen prestación económica do pai ou nai.

O período máximo de estadía das persoas beneficiarias será de 11 meses, entre o 1 de setembro de 2015 e o 31 de xullo de 2016. A cota mensual será de 324 euros por mes. O **prazo** de presentación das solicitudes é de **15 días hábiles desde o día seguinte da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia**.

### 15 prazas de colaboradores bolseiros

Este mesmo mes a *Consellería de Trballo e Benestar* convocou 15 prazas de colaboradores-bolseiros nestas tres residencias xuvenís: 4 en Lugo, 5 en Ourense, e 6 en Vigo. Os beneficiarios das mesmas contarán con aloxamento e mantenza gratuítos, a cambio de desenvolver labores de dinamización xuvenil.

EN PORTADA

## Correspondentes Xuvenís do IES Isidro Parga Pondal de Carballo

Martes, 12 Maio 2015 10:24



### Correspondentes Xuvenís do IES Isidro Parga Pondal de Carballo.

Como o curso escolar esta a punto de rematar, o profesorado responsable de **Correspondentes Xuvenís no IES Isidro Parga Pondal de Carballo** pedironlle aos alumnos de 3º ESO que participan no proxecto, que plasmaran as súas impresións sobre o mesmo.

Estas son as transcripcións de dous dos documentos, opinan tamén sobre outros dos proxectos nos que estaban involucrados.

#### Documento 1

*"Nós, os alumnos do I.E.S. Isidro Parga Pondal, consideramos que a experiencia de participar no proxecto xuventude nos enriqueceu didáctica e lúdicamente, xa que a información que hai na páxina énos de axuda para a petición de bolsas estranxeiras e a posibilidade de acceder a outro tipo de información tamén interesante.*

*Foi unha grande oportunidade participar neste proxecto e contribuír ao desenvolvemento da páxina web.*

*No caso de Querote+ as actividades foron medianamente útiles e un pouco repetitivas, pero fíxose todo o posible por espremeiros coñecementos do instrutor."*

#### Documento 2

*"Os alumnos de 3º ESO do Isidro Parga Pondal de Carballo opinamos que moita da información é innecesaria porque á xuventude de hoxe en día necesita actividades máis dinámicas. Unha das actividades realizadas en clase foi Querote+ unha das mellores actividades. Aínda así opinamos que foi moi repetitivo e non trataron temas novos e importantes, para o noso gusto terían que tocar o tema do sexo e non tanto a repetición da tecnoloxía e o do alcohol. O da tecnoloxía xa o deu a policía e o do alcohol unha asociación chamada Vieiro, é dicir nada innovador. Pero a pesar diso gústonos máis que facer Consumopolis."*

### Gracias polas opinións e parabéns a todas e todos os Correspondentes!!

Tamén elaboraron un folleto informativo sobre o carné xove e sobre programas de Xuventude.

Folleto elaborado polos/as Correspondentes.

## Axudas Injuve para a Creación Nova para o ano 2015

Mercores, 13 Maio 2015 00:00



AYUDAS CREACIÓN Injuve

O Instituto da Xuventude, Injuve, convoca **axudas económicas para favorecer o traballo de mozos creadores**, coa finalidade de fomentar a actividade creadora, facilitar a súa promoción e a difusión da súa obra, á vez que propiciar a súa incorporación ao ámbito profesional, mediante a axuda a proxectos a desenvolver durante o ano 2016 no ámbito das artes visuais, escénicas, musicais, literarias, así como nos do deseño e o cómic e ilustración, con proxección supraautonómica, nacional ou internacional a través das seguintes liñas de actuación:

**a) Producción de obra.** Admitiranse proxectos a realizar con liberdade de formato e técnica nos ámbitos creativos anteriormente sinalados.

**b) Mobilidade de obra producida e/ou creadores.** Admitiranse proxectos de participación, xiras, ou residencia, que non teñan por obxecto cursar estudos regulados ou a obtención de titulación académica, en espazos especializados e acordos coa actividade para a que se solicita a axuda, situados fóra da Comunidade Autónoma de residencia, en ámbito nacional ou internacional, sendo imprescindible achegar carta de convite á participación ou aceptación, segundo o caso, asinada pola persoa responsable do evento ou espazo para o que se solicita a axuda.

**c) Emprendemento en espazos emerxentes de creación nova.** Admitiranse proxectos de actividades puntuais e acoutados no tempo, que non signifiquen unha programación anual completa, con proxección supraautonómica, nacional ou internacional, a desenvolver en espazos xa existentes e que iniciasen a súa actividade. Non se admitirán proxectos de inicio de actividade económica ou empresarial.

**d) Sala «Amadís» do Instituto da Xuventude.** Admitiranse proxectos de comisariado de exposicións, talleres de traballo, ou outras actividades de creación emerxente a desenvolver en agrupación ou colectivo na sala

### Requisitos:

Mozas e mozos de nacionalidade española e todas aquelas con residencia legal en España, que non superen os 30 anos de idade, nos supostos a) e b) ou os 35 nos supostos c) e d) o día 31 de decembro do ano 2015.

### Contía:

A contía individualizada das axudas non poderá superar o importe de 6.000 € nos supostos a) e b) e de 10.000 € nos supostos c) e d), e deberá representar como mínimo o 75% do custo total do proxecto.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **24 de maio de 2015**.

Máis información no BOE do 27 de abril de 2015 e en [www.injuve.es](http://www.injuve.es)

## Convocadas prazas Aloxamento para Universidade de Verán 2015 da USC

Mercores, 13 Maio 2015 11:26

A Universidade de Santiago de Compostela oferta **prazas nas residencias universitarias** entre o **8 de xuño e o 30 de agosto de 2015**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **10 de xullo de 2015**.

### Máis información:

[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sur/descargas/2015\\_CONVOCATORIA\\_VERAN/Convocatoria\\_Verxn\\_2015-2016\\_galego.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sur/descargas/2015_CONVOCATORIA_VERAN/Convocatoria_Verxn_2015-2016_galego.pdf)

## Convocadas 208 prazas de mestros en Canarias

Luns, 18 Maio 2015 11:36

As prazas convocadas son de diversas especialidades. O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **3 de xuño de 2015**.

Máis información BOCanarias do 14 de maio de 2015.

## Convocadas 454 prazas de enfermeiro en Castela e León

Luns, 18 Maio 2015 11:43

O Boletín Oficial de Castela e León, publica esta convocatoria o **8 de maio de 2015**.

As **prazas** son convocadas polo sistema de concurso-oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **28 de maio de 2015**.

Máis información Boletín Oficial de Castela e León do 8 de maio de 2015.

## Viaxes solidarias

Luns, 18 Maio 2015 14:21

A Asociación Vento Norte Sur, Punto de Información Xuvenil da Rexión de Murcia, proponche para este verán varias viaxes:



### Essaouira (Marrocos)

**Datas:**

**Quenda I:** 18-25 de xullo de 2015.

**Quenda II:** 1-8 de agosto de 2015.

**Quenda III:** 5-12 de setembro de 2015.

**Cota participación:** 390 €.

### Formentera (Sant Francesc Xavier).

**Datas:**

**Quenda I:** 15 -22 Agosto 2015

**Quenda II:** 23 -30 Agosto 2015

**Quenda III:** 15 -30 Agosto 2015 (quincena completa)

**Destinatarios:** maiores de 18 anos.

**N.º participantes:** 20

**Prezo quenda I e II:** 375 € (Inclúe Transbordador directo de ida e volta dende Denia e aloxamento).

**Prezo quenda III:** 650 € (Inclúe Transbordador directo de ida e volta dende Denia e aloxamento).

### II Viaxe solidaria a Senegal - Ndiawara

**N.º participantes:** 15 persoas.

**Destinatarios:** maiores de 18 anos.

**Cota participación:** 550 €. Non inclúe voo

**Datas:**

**Xullo:** do 18 ao 28 de xullo de 2015.

**Agosto:** do 18 ao 28 de agosto de 2015.

### Aventuras e desventuras no Mediterráneo:

**Datas:**

**Quenda I:** 6 e 7 de xuño de 2015.

**Quenda II:** 20 e 21 de xuño de 2015.

**Quenda III:** 27 e 28 de xuño de 2015.

**Destinatarios:** maiores de 18 anos.

**N.º participantes:** 14 persoas.

**Prezo:** 85 €

Todas as actividades terán un desconto de 20 € co **carné xove**.

**Prazo de inscrición:** ata completar prazas. Facer a petición da inscrición a [info@vionortesur.org](mailto:info@vionortesur.org)

### Máis información

**Asociación Vento Norte Sur**

Pza. de Toledo, s/n-baixo. Santa María de Gracia

30009 Murcia

630 683 008 e 636 385 176

## NOVAS FORMACION

## OUTROS CURSOS

### Curso de Monitor de comedor escolar en Santiago de Compostela

**Martes, 12 Maio 2015 08:02**



**Cruz Vermella de Santiago de Compostela** convoca un curso de Monitor de comedor escolar.

**Datas:** do 8 ao 15 de xuño de 2015.

**Lugar:** Santiago de Compostela.

**Duración:** 30 horas.

**Prezo:** 100 €. 10% de desconto para desempregados, estudantes, socios ou voluntarios. 20% de desconto para desempregados de máis de 3 meses.

**Máis información na Cruz Vermella de Santiago de Compostela**, Av. Lugo s/n. Teléfono: 981 586 969 e en <http://formacion.cruzvermella.org/curso/monitor-comedor-junio/>

### Obradoiro de iniciación á maquillaxe infantil

**Luns, 18 Maio 2015 13:44**



**OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á MAQUILLAXE INFANTIL**

**DIAGNOSIS**

**PREZO: 30€**  
\*Material Incluído

**Sábado 13 de Xuño De 10 a 14h**

**PRAZAS LIMITADAS** que se cubrirán por orde de inscrición

**PRAZA DE EUROPA (ED. ÁREA CENTRAL, entrada pola Rúa Viroves) 15-A 2º**

**Santiago de Compostela**

**Diagnosis Santiago** organiza un curso de iniciación á maquillaxe infantil.

**Diagnosis.** Formación e Diagnóstico, convoca un obradoiro de iniciación á maquillaxe infantil.

**Data:** 13 de Xuño de 2015.

**Horario:** de 10 a 14h.

**Prezo:** 30 €. Material incluído.

**Lugar:** Santiago de Compostela.

**Horario:** de 10 a 14 horas.

**Máis información en Diagnósis.** Teléfono 881 940 637 e 659 008 712.

<https://www.facebook.com/diagnosissantiago>

[diagnosissantiago@hotmail.com](mailto:diagnosissantiago@hotmail.com)

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

## Curso intensivo de Monitor/a de actividades de tempo libre en Lugo

Luns, 18 Maio 2015 07:58



A Escola Rural de tempo libre organiza un curso intensivo de Monitor/a de actividades de tempo libre en Lugo.

**Datas:** do 1 ao 20 de agosto de 2015

**Máis información na Escola Rural de tempo libre,** teléfono: 982 804 149

<http://www.escolaruraldetempolibre.org/>

BOLSAS E AXUDAS

CONVOCATORIA XERAL

## PROGRAMA CICERONE

Mercores, 13 Maio 2015 11:17

O CNIC ofrece a estudantes de Máster e dos últimos cursos de carreiras universitarias relacionadas coa biomedicina, a prosibilidade de entrar en contacto coa investigación biomédica e completar a súa formación a través da realización de prácticas de laboratorio durante os meses de verán.

• **Dirixido a:** Estudantes universitarios de segundo ciclo e Máster.

• **Contido:** Proxecto de investigación, aprendizaxe de novas tecnoloxías e asistencia a seminarios.

• **Lugar:** Laboratorios do CNIC.

• **Duración:** 250 horas efectivas. Do 1 de xuño ao 15 de outubro, a distribuír de acordo co supervisor científico.

**Máis información:** <https://www.cnic.es/es/formacion/programas/cicerone.php>

## Convocadas 108 bolsas de mobilidade para estudantes de doutoramento de programas adaptados ao EEES 2

Mercores, 13 Maio 2015 11:38

**Resolución Reitoral de 12 de maio de 2015,** pola que se convocan 108 bolsas de mobilidade para estudantes de doutoramento da Universidade de Vigo en programas adaptados ao EEES para o ano 2015.

BOLSAS E AXUDAS

FORMACION PRACTICA

## Bolsa de Investigación en Nova York para arquitectos

Mercores, 13 Maio 2015 07:51



A Real Academia de Belas Artes de San Fernando e a Fundación Arquia convocan unha bolsa para a realización dun proxecto innovador ou de investigación no ámbito da arquitectura na cidade de Nova York, que contribúa a facer da Real Academia unha plataforma e laboratorio de experimentación internacional da arquitectura española. A bolsa desenvolverase durante un período de seis meses de duración, no marco dunha institución académica de prestixio en Nova York.

**Requisitos:** poderán optar á bolsa os titulados como arquitectos superiores en calquera das escolas técnicas superiores de arquitectura do Estado español, os arquitectos estranxeiros con título obtido en España e os arquitectos con título obtido fóra do país e validado en España.

**Dotación:** 18.000 € repartida en seis mensualidades de 3.000 € cada unha.

**Datas:** do 1 de setembro de 2015 a 1 de marzo de 2016.

O **prazo** para solicitala estará aberto ata o **17 de xuño de 2015**.

**Máis información:**

Real Academia de Belas Artes de San Fernando  
Alcalá, 13, 28014 Madrid  
Teléfono: 91 524 08 64  
[becas15@arquia.es](mailto:becas15@arquia.es)  
[www.realacademiabellasartessanfernando.com](http://www.realacademiabellasartessanfernando.com)

## Axudas económicas para a formación práctica en empresas

Luns, 18 Maio 2015 09:23



A Consellería de Educación convoca axudas económicas para a realización da formación práctica en centros de traballo (FCT), nas seguintes modalidades:

**1. Modalidade A.** Alumnado matriculado en ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional inicial, artes plásticas e deseño, ensinanzas deportivas e programas de cualificación profesional inicial e que realice a FCT dentro do territorio español.

**2. Modalidade B.** Alumnado matriculado en ciclos formativos de grao medio ou superior de formación profesional inicial ou nun ciclo formativo de artes plásticas e deseño e que realice a FCT en países da Unión Europea.

**Requisitos**

**1.** Poderá concorrer a esta convocatoria o alumnado matriculado en centros públicos desta comunidade autónoma e, no caso dos centros privados, o alumnado matriculado en ensinanzas concertadas coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que estea cursando o derradeiro curso dun ciclo formativo de grao medio e superior de formación profesional inicial, artes plásticas e deseño, ensinanzas deportivas e programas de cualificación profesional inicial.

**2.** O alumnado que conorra a esta convocatoria de axudas deberá rematar o período de formación práctica en centros de traballo antes do 31 de decembro de 2015.

Convócanse dous períodos de presentación de solicitudes:

**1. Primeiro prazo: 19 de xuño** para o alumnado que realizase a FCT nos períodos outubro 2014-marzo 2015, e nos períodos xaneiro-xuño, xaneiro-marzo e abril-xuño de 2015. Todo o alumnado deste prazo deberá rematar o período da FCT antes do 31 de agosto de 2015. Tamén se acollerá a este prazo o alumnado matriculado no primeiro curso do réxime ordinario ou no segundo curso do réxime integrado dun programa de cualificación profesional inicial no curso 2014/15.

**2. O segundo prazo** será o comprendido entre o **14 de outubro e o 14 de novembro de 2015**, para o alumnado de ciclos formativos a que lle corresponda realizar a FCT no período de setembro-décembro de 2015 e o alumnado matriculado nun programa de cualificación profesional inicial que realice a FCT no período extraordinario de setembro de 2015. Este alumnado deberá rematar obrigatoriamente o período de formación en centros de traballo antes do 31 de decembro de 2015.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED202A**.

**Máis información no DOG do 18 de maio de 2015** e en [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)

BOLSAS E AXUDAS ➔ OUTRAS

## Premios fin de carreira

Luns, 18 Maio 2015 08:22



A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca **premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia** para aos/ás alumnos/as que, contando co mellor expediente académico de entre as persoas solicitantes, rematasen os estudos universitarios conducentes á obtención dos títulos de graduado, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, no curso académico 2013/14 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

Os solicitantes que resulten premiados recibirán:

*Unha contribución en metálico de 2.500 €.*

*Un diploma acreditativo desta distinción.*

Poderán solicitar estas axudas os alumnos e alumnas que cumpran os seguintes requisitos:

**a)** Teren cursado integramente os estudos da titulación universitaria pola que opta ao premio nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

b) Teren unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 8,50 puntos, para os/as alumnos/as das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias e Ciencias da Saúde; e 7,50 puntos, para os/as alumnos/as da rama de Enxeñaría e Arquitectura.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED415A**.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **18 de xuño de 2015**.

**Máis información no DOG do 18 de maio de 2015** e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

NOVAS DE EMPREGO ▶ EMPREGO PUBLICO

## Peóns forestais en Sarreaus

**Mercores, 13 Maio 2015 06:27**

O **Concello de Sarreaus** necesita **contratar 10 peóns forestais**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **19 de maio de 2015**.

**Máis información no BOP de Ourense do 13 de maio de 2015** e na **OMIX de Sarreaus**, teléfono 988 454 002.

## Convocadas 1.299 prazas de policía nacional

**Mercores, 13 Maio 2015 11:23**

As prazas convocadas de **policía son polo sistema de oposición**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **21 días desde a publicación no BOE**.

**Máis información BOE do 12 de maio de 2015**.

[www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 2 prazas de graduado ou enxeñeiro en informática na UDC

**Mercores, 13 Maio 2015 11:34**

A **Universidade da Coruña**, convoca estas **2 prazas temporais** (4 e 2 meses), como colaborador de proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación na páxina [www.udc.es](http://www.udc.es) o **11 de maio de 2015**. [www.udc.es](http://www.udc.es)

## Convocada 1 praza temporal de licenciado en enxeñaría naval na UDC

**Mercores, 13 Maio 2015 11:35**

A **Universidade da Coruña**, convoca esta **praza temporal**, como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación na páxina [www.udc.es](http://www.udc.es) o **11 de maio de 2015**. [www.udc.es](http://www.udc.es)

## Convocada 1 praza temporal como licenciado ou graduado en socioloxía na UDC

**Mercores, 13 Maio 2015 11:36**

A **Universidade da Coruña**, convoca esta **praza temporal**, como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación na páxina [www.udc.es](http://www.udc.es) o **11 de maio de 2015**. [www.udc.es](http://www.udc.es)

## Convocada 1 praza temporal de enxeñeiro industrial na UDC

**Mercores, 13 Maio 2015 11:36**

A **Universidade da Coruña**, convoca esta **praza temporal** como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación na páxina [www.udc.es](http://www.udc.es) o **13 de maio de 2015**. [www.udc.es](http://www.udc.es)

## Convocada 1 praza temporal técnico superior en FP na UDC

Mercores, 13 Maio 2015 11:37

A **Universidade da Coruña**, convoca **1 praza temporal (12 meses)**, como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación na páxina [www.udc.es](http://www.udc.es) o **9 de maio de 2015**. [www.udc.es](http://www.udc.es)

## 60 Prazas de administradores/as Área Cooperación na Unión Europea

Luns, 18 Maio 2015 11:30

A **oficina europea** de selección **convoca estas prazas para listas de reserva**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **9 de xuño**.

<http://europa.eu/epso/>

## Convocadas 26 prazas bombeiros/as no Concello de Bilbao

Luns, 18 Maio 2015 11:33

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **27 de maio**.

**Máis información** [www.bilbao.net](http://www.bilbao.net)

## Convocadas 7 prazas bombeiro no Concello de Santander (Cantabria)

Luns, 18 Maio 2015 11:35

As prazas son convocadas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días** desde a publicación o **14 de maio** na páxina [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 208 prazas de maestros en Canarias

Luns, 18 Maio 2015 11:37

As prazas convocadas son de diversas especialidades. O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **3 de xuño de 2015**.

**Máis información** **BOCanarias do 14 de maio de 2015**.

## Convocadas 454 prazas de enfermeiro en Castela e León

Luns, 18 Maio 2015 11:44

O **Boletín Oficial de Castela e León**, publica esta convocatoria o **8 de maio de 2015**. As **prazas** son convocadas polo sistema de concurso-oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **28 de maio de 2015**.

**Máis información** **Boletín Oficial de Castela e León do 8 de maio de 2015**.

## Convocadas 137 prazas de persoal laboral no Servizo de Saúde de Aragón

Luns, 18 Maio 2015 11:45

As prazas convocadas son **101 de pinche**, **14 de condutor**, e **20 de calefactor**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **8 de xuño de 2015**. **Máis información** **BOA do 8 de maio de 2015**.

## Convocadas 419 prazas mestres e 226 profesores ESO, FP. e E.O.I. na Comunidade Valenciana

Luns, 18 Maio 2015 11:46

A **Publicación da convocatoria** **está no DOCV do 6 de maio de 2015**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **26 de maio de 2015**.



## Xuíz de Paz de Piñor

Martes, 19 Maio 2015 06:00

O **Concello de Piñor** fai unha convocatoria pública para **cubrir a praza de xuíz de paz**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **5 de xuño de 2015**.

**Máis información no BOP de Ourense do 19 de maio de 2015** e na **OMIX de Piñor**, teléfono 988 403 236.

NOVAS DE EMPREGO ▶ EMPREGO PRIVADO

## Electromecánico Serviteco

Mercres, 13 Maio 2015 07:46

Se necesita cubrir unha praza de electromecánico para **ELECTROMECÁNICA SERVITECO** A Coruña.

Se require profesional con nivel de experto en esquemas eléctricos e de automatización.

Abstenerse se non se ten o nivel de experto.

Xornada completa.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/electromecanico/a-corunna/1812796/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=profesionales-artes-y-oficios&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/electromecanico/a-corunna/1812796/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=profesionales-artes-y-oficios&utm_term=a-corunna)

## Comercial Rexional A Coruña

Mercres, 13 Maio 2015 07:47

Buscamos **comerciais para J.DELBEAU SP. A Coruña**.

Para funcións de prospección e búsqueda de clientes.

Fideilización de clientes.

Realización de pedidos.

Disponibilidade para xornada completa.

Boa imaxen e facilidade de palabra.

Contrato laboral de autónomo.

Contrato con 3 meses de período de proba.

Salario de 15000 euros/ano.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/comercial-regional/a-corunna/1813557/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=comercial-ventas&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/comercial-regional/a-corunna/1813557/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna)

## Dependiente/a A Coruña

Mercres, 13 Maio 2015 07:48

**CRIT INTERIM ETT** selecciona para importante empresa de perfumes un dependente/a en A Coruña.

Se require: experiencia como dependente/a.

Residencia en A Coruña.

Contrato de 4 hrs. a semana, traballando os martes de tarde de 16:00 a 20:00.

Xornada laboral parcial. Posibilidades de mellora facendo substitucións na mesma tenda.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/dependiente-a-a-corunna-urge/a-corunna/1810847/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=comercial-ventas&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/dependiente-a-a-corunna-urge/a-corunna/1810847/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna)

## Director/a de tenda de moda Vigo

**Mercores, 13 Maio 2015 07:54**

**Grupo Adecco** selecciona para importante empresa do sector de moda, un/unha director/a de tenda de moda.

Para xestión xeral do correcto funcionamento da tenda.

Control e optimización do stock.

Xestión do persoal da tenda.

Atención ó cliente.

Outras funcións do posto.

Se require experiencia mínima de dous anos desempeñando estas funcións.

Residencia na zona de Vigo ou arredores.

Incorporación inmediata na empresa con contrato de plan de carreira.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/director-a-de-tienda-de-moda-para-vigo/pontevedra/1812567/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=comercial-ventas&utm\\_term=pontevedra](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/director-a-de-tienda-de-moda-para-vigo/pontevedra/1812567/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=pontevedra)

## Ofertas Servizo Público de Emprego 08/05/2015

**Mercores, 13 Maio 2015 10:32**

### Dependentes de produtos alimentarios e bebidas

- Localidade: Castro Caldelas (Ourense)
- Nº oferta: 12/2015/3999
- Data: 08/05/2015

- Requisitos: venda e atención a clientes en ADEGA. Inglés medio. Imprescindible carné de conducir.

### Formadores de formación ocupacional non regulada

- Localidade: Pereiro de Aguiar (Ourense)
- Nº oferta: 12/2015/4105
- Data: 08/05/2015
- Requisitos: formador/a para impartir curso de manipulador de alimentos de alto risco. Imprescindible ter acreditado 100 hrs. deste curso.

### Dependentes/as de comercio, en xeral

- Localidade: Ordes (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/4146
- Data: 08/05/2015
- Requisitos: necesítanse dependentes/as de comercio.

### Cociñeiros/as, en xeral

- Localidade: Cambados (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/4200
- Data: 08/05/2015
- Requisitos: necesítanse cociñeiros/as con 24 meses de experiencia.

### Camareiros/as, en xeral

- Localidade: Cambados (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/4203
- Data: 08/05/2015
- Requisitos: necesítanse camareiros/as con 9 meses de experiencia.

**Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>**

## Praza de óptico/a

**Mercores, 13 Maio 2015 11:16**

**Empresa:** Opticalia

**Localidade de traballo:** 1- Vimianzo 1- Cee

### Datos da oferta

#### Requisitos:

- Graduado/a en Optica
- Audioprotista

#### Funcións:

Atención ao cliente, refracción e montaxe.

#### Condicións laborais:

- Contrato temporal (6 meses/1 ano)
- Xornada laboral: 10-13:30,, 16:30-20:30
- Incorporación inmediata

#### Contacto:

Interesados/as enviar CV a:

[opticaliavm@yahoo.es](mailto:opticaliavm@yahoo.es)  
[opticaliacee@yahoo.es](mailto:opticaliacee@yahoo.es)

## Optico/optometrista

**Mercores, 13 Maio 2015 11:20**

**Empresa:** Hays Response

**Localidade de traballo:** Bilbao e Vitoria

### Datos da oferta

#### Requisitos:

- Grao en Optica e Optometría
- Experiencia mínima de 4 anos en postos semellantes
- Clara orientación ao cliente, empatía, traballo en equipo, etc.

#### Funcións:

- Atención e redirección do cliente
- Recollida de información
- Resolución de incidencias
- Xestión do historial do paciente
- Apoio no punto de venta

#### Condicións laborais:

**Salario:** 24.000 - 25.000 € Brutos anuais

#### Contacto:

Interesados/as enviar CV a:

[Natalia.Landin@hays-response.es](mailto:Natalia.Landin@hays-response.es)

## Profesores/as con nivel nativo inglés para Lugo

**Mercores, 13 Maio 2015 11:21**

**Empresa:** Kids & Us Lugo

**Localidade de traballo:** Lugo cidade

### Datos da oferta

#### Requisitos:

- Mestres de Ed. Infantil ou Lingua Estranxeira, titulados/as en Filoloxía ou estudos similares.

- Nivel ALTO de inglés (Advanced ou Proficiency)
- Formación complementaria relacionada coa Pedagogía
- Valorarase experiencia previa no eido do ensino, así como a sensibilidade para comunicarse e traballar con nenos.

**Funcións:**

- Impartir clases de inglés a nenos e nenas desde 1 ano seguindo a metodoloxía da aprendizaxe natural aplicada por Kids & Us.
- Motivar, xogar e captar a atención dos nenos (clases de máximo 8 nenos)
- Cumplir cos procesos establecidos de seguimento de cada un dos alumnos.
- Realizar titorías cos pais.
- Participación activa noutras actividades do centro (story times, teatro, talleres, etc)

**Condicións laborais:**

- Contrato en prácticas con posibilidade de pasar a indefinido.
- Xornada parcial. Contrato por horas.
- Incorporación prevista para setembro 2015.
- Salario: prezo/hora segun convenio.
- O PROCESO DE SELECCIÓN LEVARASE A CABO EN INGLÉS

**Data límite de recollida dos CV:** Venres, 10 de xullo de 2015

**Contacto:**

Iván Iglesias Martínez / Estefanía Andrés

Tfno.: 629 850 697 / 605 065 321

**Envío de CVs** por correo electrónico: [lugo@kidsandus.es](mailto:lugo@kidsandus.es)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Xuventude e Voluntariado



**xuventude.net**